

## O REINO EN PERIGO: ALTAMAR

Nun reino moi afastado unha fermosa princesa, chamada Auga Marina, cun cabelo longo e ondulado, cuns ollos verdes como as esmeraldas e, sobre todo, lista e aplicada como a súa nai decidiu salvar ao reino de Altamar.

Altamar sempre fora un lugar máxico, cheo de cor, con xente moi simpática e con moita empatía. As árbores eran grandes, verdes e frondosas. As casas de cores parecían un arco da vella. A alegría era máxima.

Un día descubriu que o reino estaba en perigo, pero non era polo medio ambiente, era polo mozo misterioso. Altamar xa non era verde como os seus ollos, volvérase completamente negro. Mirara onde mirara, non había nada de cor.

Xusto, nese intre, deuse conta que non podía salvar o seu reino co pelo solto, un vestido longo e uns taconazos como levaba acotío, iso non lle serviría de nada, o único que a podía axudar sería a súa destreza e a súa intelixencia.

Que estaba a pasar?

O mozo misterioso quería quedarse co reino todo para el e ese egoísmo fixo que todo se volvera triste e apagado. Parecía un feitizo do mundo escuro, do que tanto lera cando era pequena nos libros da marabillosa biblioteca que existía no palacio.

Auga Marina cambiou o seu vestido de mangas con volantes por un traxe de superheroína, que se fixera ela mesma. Usara a máquina de coser que lle regalara a súa nai na súa posta de longo e foi en busca do mozo misterioso.

Despois de noites sen durmir, de percorrer o reino enteiro, de seguir as pistas que ía descubrindo, de coñecer xente marabillosa que lle daban de comer e de beber, dixo:

–Xa sei! Ten que estar no campanario. Por fin nos atopamos. Por que fas o mal?

–Porque ninguén me quere no reino –respondeulle o mozo–.

-E iso por que?

-Porque cando era pequeno era moi raro e non me aceptaban.

-Ser raro non é malo, ser raro é ser especial. Eu tampouco son unha princesa como as dos contos que lía de pequena. O máis importante é o que temos no corazón. Se ti queres podes vir comigo a vivir ao meu castelo; deste xeito haberá máis xente especial na miña vida -díxolle a princesa-. Sabes que? Os meus pais tamén son coma nós, raros e, polo tanto, especiais. Ensináronme un montón de cousas boas e diferentes que fan que sexa moito mellor persoa.

E de súpeto, Altamar, volveuse verde e colorido coma sempre fora. E dende ese momento o rapaz misterioso e a princesa foron amigos da alma.

**Carlota Antunes Eléxpuru**